

CADRO DE CLASIFICACIÓN

FONDO DOCUMENTAL	Datas	U.I.
1. FONDOS PÚBLICOS		
1.1. XUDICIAIS		
1.1.1 Ámbito galego		
1.1.2 Ámbito provincial		
▪ Audiencia Provincial de Pontevedra	1925-1975	1194
1.1.3 Ámbito de partido		
– Xulgados de 1ª instancia:		
▪ Vigo. Nº 10	1991-1992	151
– Xulgados de 1ª instancia e instrución:		
▪ Cambados. Nº 1	1933-1995	1280
▪ Marín. Nº 1	1992-1999	34
▪ Pontevedra. Nº 1	1930-1974	815
▪ Redondela. Nº 1	1877-1970	225
▪ Tui. Nº 1	1933-1990	1009
▪ Tui. Nº 2	1990	10
▪ Vigo. Nº 1	1882-1986	1065
▪ Vigo. Nº 2	1933-1982	683
▪ Vigo. Nº 3	1966-1985	94
1.1.4 Ámbito local		
– Xulgados de distrito:		
▪ A Guarda	1863-1990	219
▪ Cambados	1938-1979	
▪ Marín	1910-1970	
▪ Sanxenxo	1956-1989	360
▪ Tui	1911-1990	442
▪ Vigo. Nº 1	1913-1977	392
▪ Vigo. Nº 2	1933-1980	175
– Xulgados municipais:		
▪ Lavadores	1927~1981	293
1.1.5 Xurisdicións especiais		
▪ Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo de Pontevedra	1886-1969	127
– Maxistraturas de traballo:		
▪ Pontevedra. Nº 1	1953-1990	1135
▪ Vigo. Nº 1	1943-1984	844
▪ Vigo. Nº 2	1976-1986	479
▪ Vigo. Nº 3	1945~1982	191
1.2. FÉ PÚBLICA		
1.2.1 Notariais	1503-1933	7410
– Distritos notariais: A Estrada, Cambados, Lalín, Pontearreas, Pontevedra, Tui, Vigo e Vilagarcía		
1.2.2 Rexistrais		
– Contadorías de hipotecas: A Cañiza, Cambados, Lalín, Ponte Caldelas, Pontearreas, Pontevedra, Redondela, Tabeirós (A Estrada), Tui, Vigo	1764-1862	549
1.3. ADMINISTRACIÓN PERIFÉRICA DO ESTADO		
1.3.1 Ámbito galego		
▪ Real Intendencia de Galicia	1752-1753	874
1.3.2 Ámbito provincial		
Economía e Facenda		
▪ Delegación de Facenda de Pontevedra	1837-1997	22886
▪ Delegación de Facenda de Vigo	1837-1991	3657
▪ Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística de Pontevedra	1970~1983	2678
– Oficinas liquidadoras: Caldas de Reis, Cambados, Lalín, Pontearreas, Redondela, Tui	1874-1983	844
Comercio e Consumo		
▪ Delegación Provincial da Comisaría Nacional de Abastecementos e Transportes de Pontevedra	1944-1950	49

FONDO DOCUMENTAL	Datas	U.I.
Cultura		
▪ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	1934-	127
▪ Delegación Local de Información e Turismo de Vigo	1940-1979	124
▪ Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra	1939-1978	165
Educación e Investigación		
▪ Delegación Provincial de Educación de Pontevedra	1ª mitad s. XX	
▪ Instituto de Pontevedra	1845-1945	704
▪ Instituto Provincial de Psicoloxía Aplicada e Psicotecnia	1964-1982	211
Industria		
▪ Delegación Provincial de Industria de Pontevedra	S. XX	
Xustiza		
▪ Fiscalía Provincial de Pontevedra	1928-1991	
▪ Fiscalía Área de Vigo	1994-2009	250
Medio rural		
▪ Servizos Forestais	1861-1983	1173
▪ Xefatura Provincial do Instituto Nacional de Reforma e Desenvolvemento Agrario (IRYDA) de Pontevedra	1970	52
▪ Xefatura Provincial do Servizo Nacional de Produtos Agrarios (SENPA) de Pontevedra	1941~1952	7
Política Territorial		
▪ Xefatura Provincial de Estradas de Pontevedra	1857-1984	886
Sanidade		
▪ Sanidade Exterior de Vigo	1803-1934	243
Seguridade e Interior		
▪ Goberno Civil / Subdelegación do Goberno de Pontevedra	1833~2011	1587
▪ Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra	1903~2009	2709
Servizos Sociais		
▪ Delegación Provincial do Instituto Nacional de Asistencia Social (INAS) de Pontevedra	1974-1984	141
▪ Xunta Provincial de Protección da Muller de Pontevedra	1944-1986	18
▪ Xunta Provincial de Protección de Menores de Pontevedra	1928-1989	160
Traballo (V.a.: Servizos sociais)		
▪ Delegación Provincial de Traballo de Pontevedra	1969-1985	691
▪ Instituto Social da Mariña. Dirección Provincial de Vigo	1984-1999	517
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA		
1.4.1 Ámbito galego		
1.4.2 Ámbito provincial		
Economía e Facenda		
▪ Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra	1984-1990	129
▪ Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Vigo	1984-1990	226
– Oficinas liquidadoras: Caldas de Reis, Cambados, Lalín, Pontearreas, Redondela, Tui e Vilagarcía de Arousa	1984-1995	586
Servizos sociais		
▪ Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración de Pontevedra	1983-1989	6
1.5. ADMINISTRACIÓN LOCAL		
1.5.1 Ámbito provincial		
1.5.2 Ámbito municipal		
– Concellos de:		
▪ Pontevedra	1438-1908	160
▪ Tui		
– Hospital San Xoán de Deus de Pontevedra	1609-1929	14

FONDO DOCUMENTAL	Datas	U.I.
1.6. INSTITUCIÓN DO MOVEMENTO NACIONAL		
▪ Delegación Provincial da Fronte de Xuventudes de Pontevedra	1945-1977	235
▪ Delegación Provincial da Sección Feminina de Pontevedra	1936-1978	145
▪ Delegación Provincial do Auxilio Social de Pontevedra	1937-1974	324
▪ Xefatura Provincial do Movemento de Pontevedra	1932-1972	446
1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA		
1.7.1 Cámaras agrarias		
▪ Cámara Agraria de Pontevedra	1890-2003	798
▪ Cámaras Agrarias Locais de Pontevedra	1945-1996	136
1.7.2 Cámaras Oficiais da Propiedade Urbana		
▪ Pontevedra	?-2000	
▪ Vigo	1921-2000	
1.7.3 Cámaras de Comercio, Industria e Navegación		
1.7.4 Colexios profesionais		
▪ Colexio Oficial de Arquitectos de Pontevedra	1973-1982	2239
▪ Colexio Oficial de Arquitectos de Vigo	1953-1977	1558
▪ Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrícolas e Peritos Agrícolas de Pontevedra	1977-1979	
1.7.5 Corporacións sindicais		
▪ Delegación Provincial da Administración Institucional de Servizos Socioprofesionais (AISS) de Pontevedra	1940-1979	1728
1.8. ADMINISTRACIÓN ELECTORAL		
▪ Xunta Electoral Provincial de Pontevedra	1996-2011	125
1.9. SOCIEDADES PÚBLICAS E EMPRESAS MIXTAS		
2. FONDOS PRIVADOS		
2.1. PERSOAS E FAMILIAS		
2.1.1 Persoas		
▪ Picó Cañeque, Rafael	1889-1958	51
2.1.2 Familias		
▪ Baeza Buceta, familia	1577-1920	7
▪ Bugallal, familia	1683-1872	1
▪ Llauger, familia	1585-1969	21
2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS		
▪ Hospital de Pobres de Redondela	1635~1841	1
▪ Instituto Antirrábico Cobián Areal de Pontevedra	1894-1929	16
2.3. EMPRESAS		
2.4. INSTITUCIÓN RELIXIOSAS		
2.4.1 Confrarías e obras pías		
▪ Confraría da Virxe Peregrina de Pontevedra	1594-1898	8
▪ Congregación de Nosa Señora da Concepción e da Misericordia de Pontevedra	1489-1839	4
2.4.2 Clero		
– Igrexa Católica	S. XV-XIX	10
2.4.3 Ordes militares		
- Orde de San Xoán de Xerusalén:		
▪ Encomenda de Beade	1357-1776	1
3. COLECCIÓN		
▪ Colección de documentos en pergamino	S. XIV-XVII	
▪ Colección de fotografías	S. XIX-XX	
▪ Colección iconográfica de mapas, planos, debuxos, gravados.	1598-1998	



EDIFICIO

O AHPPo está instalado no antigo Pazo dos Fonseca. Construído en 1910 e adquirido en 1955 polo Ministerio de Educación Nacional, foi adaptado para funcionar como arquivo e biblioteca provinciais polo arquitecto Argenti. É unha construción sobria e elegante. Accédese por unha escalinata flanqueada por palmeiras e esfinxes de pedra. A súa fachada é de perpiaño labrado de características neoclásicas, cun pórtico de oito columnas que sosteñen un frontón que presenta, a cada lado, grifóns alados. Consta de dúas plantas e un ático aos que se unen, pola parte de atrás, os depósitos documentais.

Debido ao incremento do volume documental nos derradeiros anos, foi preciso ampliar a capacidade dos depósitos a través do aluguer, no ano 2000, dun baixo próximo ao edificio principal.



SERVIZOS

— CONSULTA DE DOCUMENTACIÓN E APOIO Á INVESTIGACIÓN.

Os/as usuarios/as son a Administración e os/as cidadáns para a lexítima defensa dos seus intereses ou con fins culturais e científicos.

O acceso é libre e gratuíto, suxeito á normativa legal vixente en materia de protección de datos, estado de conservación documental e consulta de documentos.

Consultas presenciais ou a distancia (teléfono, fax, correo postal, correo electrónico, web).


Identificación con DNI, pasaporte ou NIE.

Sala de Investigadores/as: 15 postos.

Instrumentos de descrición en papel e opac dos fondos organizados do arquivo.

Expídense, previa solicitude, certificados e compulsas. Ofrécese información bibliográfica e documental así como asesoramento para a busca e localización de documentación.

Efectúanse préstamos administrativos cos organismos produtores dos documentos e para exposicións temporais.



— REPRODUCCIÓN.

Realízanse copias en papel e dixital, suxeitas ao estado de conservación do documento, dispoñibilidade de espazo e persoal e ás tarifas establecidas na normativa vixente.

Existe cámara dixital e lector-reprodutor de microfilm.

— DIFUSIÓN.

Visitas guiadas para grupos, previa cita. Ocasionalmente celébranse exposicións de documentos custodiados no AHPPo e conferencias.

— BIBLIOTECA AUXILIAR.

Biblioteca auxiliar de referencia, especializada en arquivística, historia, institucións, paleografía, heráldica e historia local e provincial.

ENDEREZO


Paseo de Colón, 4 - 36002 Pontevedra

Teléf./fax: 986 852 118

Correo electrónico:
arq.historico.pontevedra@xunta.es

Web:
<http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portall/arquivo-historico-provincial-de-pontevedra/index.html>


<http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portall/arquivos-de-galicia/index.html>



HORARIO

Inverno:
De luns a venres: de 8,30 h. a 20, 30 h.

Verán:
De luns a venres: de 8,30 h. a 19,30 h.



Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

HISTORIA

Os arquivos históricos provinciais créanse polo Decreto de 12 de novembro de 1931, do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, coa finalidade de recoller os protocolos centenarios provinciais.

O Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPPo) dá os seus primeiros pasos da man de D. Enrique Fernández Villamil e Alegre cando se constitúe o Padroado do arquivo en 1932. O primeiro protocolo centenario ingresa o 4 de agosto de 1934, sendo esta data a que se considera como a fundacional do arquivo.

En 1940 trasládase desde o local cedido da Delegación de Hacienda ao Instituto Nacional de Ensino Medio ata que, en 1960, se instala no edificio que ocupa actualmente, no Paseo de Colón da cidade de Pontevedra, compartindo espazo coa Biblioteca Pública Provincial.

Tras a reforma de 1993-1996, o edificio dedícase soamente a arquivo.



Ademais de custodiar documentación histórica, a partir do Decreto de 8 de maio de 1969, de creación do Arquivo Xeral da Administración, establécese que os arquivos históricos provinciais pasen a ser tamén

arquivos intermedios da Administración. Tras a transferencia da xestión dos arquivos de titularidade estatal á Comunidade Autónoma de Galicia, en 1989, o AHPPo pasa a formar parte do Sistema de Arquivos Galego e recibe regularmente fondos documentais mediante transferencia dos órganos da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia na provincia, realizando a función de recibir, custodiar e servir esta documentación. Outras formas de ingreso son as doazóns e os depósitos. Os seus fondos abarcan desde o s. XV ata o s. XXI. Conta con 68.906 u. i. documentais repartidas nuns 11 kms. lineais de estantes ocupados case nun 100%. Dispón tamén dunha biblioteca auxiliar con 3.325 títulos e 466 publicacións periódicas.

